



Concello de Vigo

D^a. NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión extraordinaria e urxente do 18 de setembro de 2018**, adoptou o seguinte acordo:

6.- SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DEL PAU DE NAVIA PARA A ORGANIZACIÓN DO EVENTO "VICUS SPACORUM 2018". EXPTE. 7559/335.

Visto o informe xurídico de data 4/09/18 e o informe de fiscalización do 10/09/18, dáse conta do informe-proposta de data 28/08/18, asinado pola xefa do Servizo de Festas, a concelleira-delegada de Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O concelleiro-delegado da Área de Festas e Turismo resolveu en data 27 de agosto de 2018 que se iniciase o expediente necesario para a redacción dun convenio de colaboración coa Asociación de Comerciantes del PAU de Navia (CIF G-27.767.656, para o desenvolvemento do evento VICUS SPACORUM.

A Asociación de Comerciantes del Pau de Navia é unha asociación sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica e capacidade de obrar creada en xaneiro de 2012, que se rexe pola Lei orgánica 1/2002, reguladora do dereito de asociación e os seus propios Estatutos e demais normas aplicables.

A Asociación está inscrita no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia, co número 2012/016533 e no Rexistro municipal de Asociacións con núm. 1159-12.

O seu obxecto social consiste en "coordinar, representar, xestionar, fomentar e defender os intereses comúns dos empresarios e profesionais que nela se integran", así como "potenciar o espírito cooperativo" e establecer "relacións de colaboración con Entidades Oficiais e Privadas, nacionais ou estranxeiras, inspiradas en finalidades similares á Asociación".

O "VICUS SPACORUM" é un evento de ambientación histórica que se celebra no barrio vigués do PAU de Navia, e co que se pretende divulgar parte da historia da nosa cidade co desenvolvemento de múltiples actividades dirixidas a nenos e adultos (deportivas, culturais, patrimoniais, históricas...)

Igualmente, con este evento promociónase este novo barrio da cidade, descoñecido por moitos habitantes de outras parroquias, que acoden a visitalo para participar nesta celebración que cada ano conta cunha maior participación dos cidadás.

O Concello de Vigo, coñecedor desas actividades e accións e no exercicio das súas competencias propias que a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, atribúe ás Administracións municipais en materia de información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local e a promoción da cultura, no seu artigo 25.2, letras h) e m), desexa promover e colaborar economicamente na execución do evento VICUS SPACORUM produto de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 21:12	Páxina 1 de 9
SUBVENCIONS	CSV: A6A344-CD3C38-C1212A-6KJQVC-CGYD9F-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

turismo cultural co que se pretende divulgar parte da historia da nosa cidade co desenvolvemento de múltiples actividades dirixidas a nenos e adultos (deportivas, culturais, patrimoniais, históricas...), así como facilitar o coñecemento do novo barrio do PAU de Navia ao resto dos veciños de Vigo.

A Asociación de Comerciantes del PAU de Navia está en condicións de organizar a VII edición do "VICUS SPACORUM", conforme ao Programa e ao Presuposto, recollidos como Anexo do texto do convenio. A presente edición do evento desenvolverase os días 15 e 16 de setembro de 2018, con exposicións variadas, loitas, talleres, desfiles, música, espectáculos nocturnos para todos os públicos, gastronomía, cetrería, xogos romanos e celtas, encadrándose así mesmo dentro do programa "Vigo en Festas 2018".

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

O expediente de referencia ten por obxecto a aprobación da concesión dunha subvención nominativa polo procedemento de réxime directo. Este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo artigo 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e pola Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo, contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

O convenio é un dos que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades conveniantes e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ao limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados polas entidades para a realización das actividades. Este convenio regularase igualmente pola Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003 e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

A presente axuda acóllese ao réxime excepcional de concesión directa, conforme ao artigo 22.2.a da Lei 38/2003, atopándose a tal fin previsión nominativa a favor da Asociación de Comerciantes del Pau de Navia. O Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación 3380.480.0000, prevé a concesión dunha subvención directa de carácter nominativo, a través do correspondente convenio, por importe de **14.000,00 (catorce mil) euros**, a favor de "A. COMERCIANTES NAVIA-FESTA VICUS SPACORUM para coadruar aos gastos do desenvolvemento do programa "VICUS SPACORUM 2018".

O importe total deste convenio, de carácter anual, con todos os conceptos e impostos incluídos, ascende a 14.000,00 euros.

Este convenio, queda suxeito ao cumprimento pola entidade dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social. A entidade encargárase da organización xeral do evento e asumirá todos os gastos derivados da mesma e que, segundo o presuposto presentado (que figura como anexo do convenio), ascenden a 24.000,00 euros.

Pola súa banda, o Concello de Vigo, ademais de achegar a cantidade económica indicada, solicitará a presenza dos servizos de Protección civil e Policía local no evento.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 21:12	Páxina 2 de 9
SUBVENCIONS	CSV: A6A344-CD3C38-C1212A-6KJQVC-CGYD9F-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

O réxime xurídico de aplicación do presente convenio será a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, así como a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación do convenio e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia. Así mesmo, queda facultado o concelleiro-delegado da Área de Festas e Turismo, para asinar o citado convenio, ao amparo da resolución de delegación de data 17 de agosto de 2018.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Festas e Turismo e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

PROPOSTA:

1º.- Que se aprobe o texto do convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Asociación de Comerciantes del PAU de Navia, CIF G-27.767.656, para o desenvolvemento do evento VICUS SPACORUM 2018.

2º.- Que se autorice un gasto por importe de 14.000,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, a favor da Asociación de Comerciantes del PAU de Navia, con cargo á aplicación orzamentaria 3380.480.0000 (A. Comerciantes Navia-Festa VICUS SPACORUM) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio económico.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROPOSTA DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DEL PAU DE NAVIA PARA O DESENVOLVEMENTO DO EVENTO VICUS SPACORUM 2018.

Na Casa do Concello de Vigo, a de dous mil dezaioito.

REUNIDOS

Dunha parte, don CAYETANO RODRÍGUEZ ESCUDERO, na súa calidade de CONCELLEIRO-DELEGADO DA ÁREA DE FESTAS E TURISMO DO CONCELLO DE VIGO, na representación legal do mesmo por resolución de delegación de data 17 de agosto de 2018 outorgada pola Concelleira-delegada da Área de Festas e Turismo, Ana Laura Iglesias González (en virtude do decreto da Alcaldía de 19 de xuño de 2015 e acordo da Xunta de Goberno de data 19 de xuño de 2015).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 21:12	Páxina 3 de 9
SUBVENCIONS	CSV: A6A344-CD3C38-C1212A-6KJQVC-CGYD9F-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Doutra, don JACINTO JOSÉ FERNÁNDEZ MOUZO con D.N.I. 76.369.570-W, como presidente da Asociación de Comerciantes do PAU de Navia, C.I.F. G-27.767.656 e enderezo social na rúa Teixugueiras, nº 14 of. 8 Vigo, en representación da mesma, segundo resulta da documentación que figura no expediente 7559/335.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a Asociación de Comerciantes del PAU de Navia é unha asociación sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica e capacidade de obrar creada en xaneiro de 2012, que se rexe pola Lei orgánica 1/2002, reguladora do dereito de asociación e os seus propios Estatutos e demais normas aplicables.

A Asociación está inscrita no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia, co número 2012/016533 e no Rexistro municipal de Asociacións con núm. 1159-12.

O seu obxecto social consiste en “coordinar, representar, xestionar, fomentar e defender os intereses comúns dos empresarios e profesionais que nela se integran”, así como “potenciar o espírito cooperativo” e establecer “relacións de colaboración con Entidades Oficiais e Privadas, nacionais ou estranxeiras, inspiradas en finalidades similares á Asociación”.

II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor desas actividades e accións e no exercicio das súas competencias propias que a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, atribúe ás Administracións municipais en materia de información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local e a promoción da cultura, no seu artigo 25.2, letras h) e m), desexa promover e colaborar economicamente na execución do evento VICUS SPACORUM produto de turismo cultural co que se pretende divulgar parte da historia da nosa cidade co desenvolvemento de múltiples actividades dirixidas a nenos e adultos (deportivas, culturais, patrimoniais, históricas...), así como facilitar o coñecemento do novo barrio do PAU de Navia ao resto dos veciños de Vigo.

III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 3380.480.0000, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 14.000,00 (catorce mil) euros a favor de “A. COMERCIANTES NAVIA-FESTA VICUS SPACORUM para coadxuvar aos gastos da festa “VICUS SPACORUM 2018”.

IV.- Que a Asociación de Comerciantes do PAU de Navia non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo tramitado a estes efectos.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvención e 26.1 da Lei 9/2007, de subvención de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención con arranxo aos seguintes



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 21:12	Páxina 4 de 9
SUBVENCIONS	CSV: A6A344-CD3C38-C1212A-6KJQVC-CGYD9F-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

PACTOS

Primeiro.- A “Asociación de Comerciantes del Pau de Navia” comprométese ao desenvolvemento do evento “VICUS SPACORUM 2018” que terá lugar os días 15 e 16 de setembro, en particular a:

- 1º.- Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto de convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, seguro de responsabilidade civil así como cumprir a programación que consta no expediente.
- 2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio, agás os que se especifiquen como responsabilidade do Concello.
- 3.- Someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo Concello de Vigo, aportando canta información lle sexa requirida no exercicio destas funcións.
- 4º.- Velar polo cumprimento dos horarios máximos de finalización de actividades e espectáculos establecidos pola normativa de aplicación. Así mesmo, terán que cumprir co estipulado na Lei de Ruídos de Galicia, así como nas ordenanzas municipais e outra lexislación ao respecto.
- 5º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.
- 6º.- Adoptar as medidas de difusión previstas no sétimo pacto.
- 7º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento da actividade, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento; a Asociación entregará ao Concello copia da póliza e do recibo correspondente, nos días previos ao inicio da festa.
- 8.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización desta actividade, especialmente os requisitos para a tramitación de eventos e festas populares esixidos pola oficina de seguridade e mobilidade trala entrada en vigor da Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- 1º.- Colaborar coa tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización do proxecto VICUS SPACORUM na cidade de Vigo.
- 2º.- Colaborar coa organización da festa en xestións como a presenza da Policía Local e Protección Civil, para o seu bo desenvolvemento.
- 3º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe institucional nos ámbitos de promoción do proxecto VICUS SPACORUM.
- 4º.- Conceder directamente á Asociación de Comerciantes del PAU de Navia, unha subvención por importe de 14.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.480.0000 “A. COMERCIANTES NAVIA-FESTA VICUS SPACORUM, co obxecto de coadjuvar á financiación do evento VICUS SPACORUM a executar no ano 2018.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 21:12	Páxina 5 de 9
SUBVENCIONS	CSV: A6A344-CD3C38-C1212A-6KJQVC-CGYD9F-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao CONCELLO a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O pagamento da cantidade recollida no pacto terceiro deste convenio efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número IBAN ES75 2080 1036 8030 4000 2153, da entidade bancaria ABANCA, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada,

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

Oitavo.- En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) a Asociación de Comerciantes do PAU de Navia está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A tenor do disposto no artigo. 81 do regulamento da L.X.S. establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 e xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considérase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizada a subsanación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 21:12	Páxina 6 de 9
SUBVENCIONS	CSV: A6A344-CD3C38-C1212A-6KJQVC-CGYD9F-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

A beneficiaria, deberá xustificar antes do 1 de novembro de 2018, o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.
- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.
- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

Noveno.- No caso de que a Asociación se opoña expresamente a que o CONCELLO comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e da LG 9/2007. De non haber tal oposición expresa, o CONCELLO recabará estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo Servizo de Festas do Concello de Vigo. O persoal técnico do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 03/05/2024 21:12

Páxina 7 de 9

SUBVENCIONS

CSV: A6A344-CD3C38-C1212A-6KJQVC-CGYD9F-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Décimo segundo.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Festas e Turismo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurará o logotipo do Concello de Vigo, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo quinto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presente a entidade asinante e a presenza do persoal técnico do Servizo de Festas nas propias actividades programadas.

Décimo sexto.- O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2018 e non será prorrogábel.

Décimo sétimo.- O concelleiro delegado de Festas e Turismo queda facultado para resolver as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo oitavo.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo noveno.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Festas. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Festas do Concello de Vigo.

Vixésimo.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto.

Vixésimo primeiro.- En cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 21:12	Páxina 8 de 9
SUBVENCIONS	CSV: A6A344-CD3C38-C1212A-6KJQVC-CGYD9F-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuir aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións, artigos 20.4 e 20.8.b).

Vixésimo segundo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e capítulo cuarto da Lei 39/2015, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; Así como a Lei 40/2015 de 1 de outubro, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, no lugar e data que se indican.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

CCA/me

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 21:12	Páxina 9 de 9
SUBVENCIONS	CSV: A6A344-CD3C38-C1212A-6KJQVC-CGYD9F-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		